



IES NEIRA VILAS

#### ITEMS

**ESCOLAS MÁIS ALÓ DOS CENTROS (AMPLIAR AS ESCOLAS)**

**COLABORACIÓN NON COMPETICIÓN**

**RESOLUCIÓN DE CONFLITOS**

## TÍTULO

***MELLORANDO A CONVIVENCIA NO CENTRO. EQUIPOS DE MEDIACION DE CONFLITOS.***

## CENTROS EDUCATIVOS IMPLICADOS:

***IES MIRAFLORES, IES NEIRA VILAS E IES MARIA CASARES. OLEIROS***

Esta experiencia educativa levouse a cabo nos tres centros de educación secundaria ubicados no Concello de Oleiros<sup>1</sup> e supuxo a posta en práctica dun programa de mellora da convivencia no centro a través da creación de diferentes equipos de mediación de conflitos. No desenvolvemento desta proposta estiveron implicados os diferentes sectores da comunidade educativa dos citados centros: *familias, alumnado e profesorado xunto co organismo Autónomo Municipal de Cultura integrado polas concellarías de Educación e educación medioambiental, xuventude, deporte e turismo e participación cidadá.*

IES NEIRA MIRAFLORES



IES MARIA CASARES



<sup>1</sup> O concello de Oleiros está situado na península que separa as rías de A Coruña e Betanzos, a tan só 4 km da cidade da Coruña, trátase dun dos municipios da área metropolitana de A Coruña que se está a converter nunha grande área residencial de características socioeconómicas medio-altas, dadas as boas condicións de comunicación que existen coa capital, así como a posibilidade de disfrutar dunhas condicións de vida mellores con espacios verdes, praias, urbanizacións de vivendas unifamiliares, etc. Conta con 43,8 km cadrados e uns 35.000 habitantes

Co obxectivo de fomentar una cultura de convivencia en paz e resolución dos conflictos que diariamente xurden nos centros escolares, tanto nas aulas como fora delas, xurden os equipos de mediación de conflictos constituidos por un número suficiente de pais, nais, alumnado e profesorado do centro. Todos os membros de cada un destes equipos de mediación recibiron unha formación específica de 20 horas de duración para dar a coñecer e transmitir as técnicas e estratexias básicas para mediar nos conflictos.

A posta en práctica dun programa de mediación escolar con éxito supón ter en conta os seguintes aspectos:

- Aprobación polo consello escolar
- Aprobación por unha mayoría significativa do claustro de profesores/as
- Nomear un responsable do proxecto
- Presentación do proxecto ás familias
- Creación dun equipo de profesores e profesoras responsables
- Provocar entre o alumnado o entusiasmo por participar
- Habilitar espazos e horarios factibles para poder realizar o programa de formación inicial e as reunión posteriores.

## **Un modelo para a xestión de conflitos**


O modelo de xestión de conflitos denominado de interacción parte da idea da existencia de normas definidas, considerando a importancia do diálogo, a cooperación e a autoridade educativa como ferramentas para o tratamiento e resolución dos mesmos. Ante os conflitos actúase de forma práctico-ética e contribúese a construír a convivencia e unha cultura da institución. Segundo este modelo de xestión de conflitos a institución ofrece unha estrutura organizativa dedicada a xestionar conflitos, o que favorece a lexitimidade e abre alternativas. Este modelo ten os seus límites. Requiere a existencia de equipos de xestión de conflitos cun adestramento e preparación específicos, actitudes personais positivas e de compromiso xunto cun apoio institucional.

Un equipo de xestión de conflitos é o que está formado por voluntarios: alumnos/as, pais/nais e profesores/as, e onde se trata de xestionar os conflitos que xurden na vida diaria

dos centros educativos dende a cooperación, onde as partes integrantes tamén son protagonistas e responsables de comprender e modificar a realidade. Non se exclúen as sancións cando se consideran necesarias, agora ben con esta proposta de actuación nos centros, con frecuencia diminúen o número de sancións e establécense alternativas que inclúen, a ser posible, a reparación do dano e a constatación de que existe outro modo de facer as cousas nos procesos de resolución de conflictos. Trátase de dar un paso máis na educación para a paz , xa que os problemas de convivencia e a súa resolución afectan non só ás persoas implicadas, senón tamén á aula, ao centro e a toda a comunidade.

## Recursos utilizados

-Humanos: Unha proposta de formación para todos os sectores implicados na experiencia



-Materiais: documentación necesaria no desenvolvemento do curso de formación

-Financeiros: o proxecto estivo financiado polo Concello de Oleiros.

## Factores de éxito

A posta en marcha nos tres centros de educación secundaria do concello de Oleiros dos equipos de mediación en conflitos para a xestión dos problemas supuxo os seguintes aspectos positivos:

